

FONDO SOLIDARIO DE LIBROS DE TEXTO (3º E 4º EP) E AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE LIBROS DE TEXTO (1º E 2º EP) E MATERIAL ESCOLAR 2020/2021 (EP)

A Consellería de Educación convocou estas axudas de xeito unificado e nunha mesma e única solicitude. Os requisitos son:

- Ser pai, nai, titor-a, legal do alumnado matriculado en educación primaria para o vindeiro curso.
- Non estar incurso en prohibicións para obter a condición de beneficiario.
- Ter unha renda per capita familiar igual ou inferior a 9000 euros anuais no 2018.
- Ter devoltos os libros adquiridos coas axudas do curso 19/20. (alumnado de 3º e 4ºEP)

As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica, a través da aplicación [Fondolibros](#) ou [Sede electrónica](#). Opcionalmente pode presentarse na Secretaría do Colexio no horario correspondente e acompañada da fotocopia do Libro de familia e doutra documentación que fose necesaria. Na mesma solicitude incorporaranse todos os irmáns matriculados no centro. O prazo é ata o venres 21 de xuño.

As contías das bolsas para adquisición de libros, compra de material escolar ou libros aos que se teñen dereito varían segundo os ingresos da unidade familiar no ano 2018, que haberá que dividir entre os membros computables (renda per cápita familiar).

AXUDAS ÁS QUE SE PODE OPTAR PRESENTANDO ESTA SOLICITUDE

- a) Alumnado de 1º e 2º EP para o curso 2020/21: Vale para adquisición de libros de texto e vale para material escolar.
- b) Alumnado de 3º e 4º EP para o curso 2020/21: Acceso ao préstamo de libros de texto do Fondo Público da Xunta, e vale para material escolar.
- c) Alumnado de 5º e 6ºEP para o curso 2020/21: Unicamente para vale de material escolar. (Utilizarán libros dixitais dentro do Proxecto Edixgal)

Unha vez que a solicitude estea debidamente tramitada e validada pola administración, o Centro xerará un ou máis vales, nos casos que corresponda, e que será entregado ao solicitante co que poderá adquirir os libros de texto no establecemento que decida, e polo importe máximo que figura nese vale, e/ou tamén material escolar polo importe de 50€, se fora o caso.

Os beneficiarios do Fondo Público de Libros de Texto terán dereito a recibir en préstamo, un número determinado de libros, que dependerá dos ingresos acreditados, e ademais comprométese a conservar en bo estado os libros de texto recibidos, e deberán entregalos no Colexio ao remate do curso 2020-21, mantendo así, o fondo público de libros de texto do Colexio

ASPECTOS IMPORTANTES A TER EN CONTA

- Respetto do solicitante

A presentación da solicitude comportará a autorización ao órgano xestor para comprobar a través da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Consellería de Facenda a veracidade dos datos de carácter tributario declarados na solicitude, sendo necesaria tamén a autorización do resto dos membros computables da unidade familiar que obteñan ingresos, que deberán asinar para tal fin o citado anexo correspondente e indicar o seu NIF/NIE.

A discapacidade do 33% ou máis, de calquera membro da unidade familiar computará por dous.

- a) No caso de divorcio ou separación legal dos pais, non se considerará membro computable aquel que non conviva e non teña a custodiado alumno/a.
- b) Cando a custodia sexa compartida, si será computable.

c) En todo caso, terase en conta a situación persoal e unidade familiar a 31 de decembro de 2018.

Para unha información máis detallada da convocatoria visitar os seguintes sitios web:
<https://www.edu.xunta.gal/portal/fondolibros>

A Coruña, 20 de maio de 2020

A Dirección